

## **Concurso de escaparates Arde Lvcvs MMXVIII**

### Bases do Concurso

#### **1 - OBXECTIVO**

Premiaranse os escaparates dos establecementos comerciais de Lugo mellor decorados e integrados na festa de Arde Lvcvs.

#### **2 - INSCRICIÓNS**

As inscricións realizaranse do 1 ao 20 de maio de 2018, a través do teléfono: 010.

Para inscribirse, os datos a cumprir, obrigatoriamente, son: nome do titular do establecemento, nome do establecemento participante, NIF / DNI, dirección, teléfono, correo electrónico e páxina web (se a tivese). Coa inscrición, os participantes recibirán o seguinte: . Distintivo de "Escaparate de Concurso" para identificar o seu establecemento. . Inclusión do nome do comercio, cun enlace á súa dirección, na web do Arde Lvcvs [www.ardelucus.com](http://www.ardelucus.com). Se envían unha fotografía, en boa resolución, tamén se inserirá a imaxe na páxina web.

#### **3 - PERÍODO DE EXHIBICIÓN**

Os escaparates terán que ser exhibidos, como mínimo, do 4 ao 17 de xuño de 2018.

#### **4 - CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN**

Todos os escaparates terán que acreditar a súa participación situando, en lugar visible, o distintivo proporcionado pola Organización. A ausencia desta acreditación ou a intencionada dificultade para a súa localización implicará a descualificación do establecemento participante.

#### **5 - XURADO**

O xurado estará constituído por persoas cualificadas na materia. As persoas que conforman o xurado visitarán os establecementos para a valoración e concederán, segundo o seu criterio, os premios que consideren

oportunos, reservándose a posibilidade de declarar desertos os que estimen conveniente.

O fallo do xurado será inapelable e farase público en data posterior a finalización da festa.

#### **6 - PREMIOS**

O IV Concurso de Escaparates Arde Lvcvs outorgará os seguintes premios:

- Primeiro Premio: 1000 euros;
- Segundo Premio: 500 euros; e promoción publicitaria
- Terceiro Premio: 300 euros; e promoción publicitaria

#### **7 - ACEPTACIÓN**

A participación no IV Concurso de Escaparates de Arde Lvcvs leva implícita a aceptación íntegra destas Bases.

Lugo 21 de febreiro de 2018

A Concelleira Delegada de Área

A funcionaria adscrita a Xuventude

Asdo: Carmen Basadre Vázquez

Asdo.: M<sup>a</sup> José Pena Lage